

# Programa de ocio saudable

## INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS



- + É un programa destinado aos rapaces e rapazas entre os 12 e os 16 anos.
- + Realizarase os sábados entre as 18:00 e as 22:00 horas.
- + Os mozos e mozas estarán sempre acompañados de monitores e monitoras.
- + Haberá actividades creativas e atractivas para os rapaces e rapazas: música, baile, concertos, desfiles, concursos, festas, etc.
- + Comeza o 19 de setembro e remata o 29 de maio.

- + É imprescindible presentar o DNI (e a partir de novembro ademais o carné "Club +XTÍ").
- + Para solicitar o carné, os pais e nais simplemente teñen que chamar ao 010 (ou 982.297.350) a partir do día 2 de setembro.
- + Os primeiros 250 carnés terán un regalo sorpresa.
- + A festa de inauguración é totalmente gratuita: 19 de setembro.
- + Non haberá venda, consumo, publicidade, patrocinio nin exposición de bebidas alcohólicas.

### Más información:



982 297 498

[www.lugo.es/prevenciondrogas](http://www.lugo.es/prevenciondrogas)



# INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS

# "SÁBADOS +XTÍ"

O Servizo de Prevención de Drogodependencias, adscrito á Concellería de Benestar Social e Igualdade do Concello de Lugo, o Servizo Galego de Saúde e o Plan Nacional sobre Drogas son conscientes das necesidades que a nivel de ocio e tempo libre teñen os nosos rapaces e rapazas entre os **12 e os 16 anos**. Sabemos que esta é unha idade de risco para o inicio do consumo de alcohol e do tabaco así como de prácticas pouco saudables como o botellón, etc. Sabemos que os pais e nais con fillos e fillas destas idades sénťense un pouco perdidos, confusos e ás veces presionados polos propios fillos que demandan "o seu espazo". Por esta razón, o noso esforzo diríxese a cubrir ese tempo libre, organizando por unha parte actividades saudables e lúdicas suficientemente atractivas para os adolescentes e pre-adolescentes e atendendo ao mesmo tempo á necesidade de relacionarse, propia destas idades.

Este programa, por outra banda, ten algunas características que queremos que as familias coñezan:

**1. IDADE DE ACCESO:** reservada e limitada só para mozos e mozas entre os 12 e os 16 anos.

**2. HORARIO:** entre ás 18:00 e as 22:00 horas. Todos os sábados excepto os meses de xuño, xullo e agosto (polos exames e as vacacións).

**3. VENDA E CONSUMO:** prohibida a venda de tabaco e alcohol dentro do local. Prohibido o consumo de alcohol e tabaco dentro do local. Prohibida a publicidade, campañas ou ofertas que inclúan alcohol ou outras drogas. Prohibida a entrada a mozos e mozas con sinais de ter consumido alcohol ou outras drogas.

**4. MONITORES:** o persoal do Servizo de Prevención e os monitores de Animación presentes sempre nas sesións, poderán expulsar a calquera mozo e moza que introduza no local alcohol, tabaco, ou outras substancias psicoactivas, así como en caso de ser causante de calquera desorde ou disturbio.

**5. ENTRADA E SAÍDA:** o Concello non se fai responsable da hora de entrada e saída dos mozos e mozas no local. Pero si teremos información dela á súa disposición.

**6. INCIDENCIAS:** ante calquera incidencia, os pais e nais ou titores serán avisados ao teléfono que indicarán no momento da inscrición.

**7. PREZO DA ENTRADA:** será de 3 euros, excepto o 1º día de inauguración, 19 de setembro, que a entrada é gratuita (inclúe unha consumición sen alcohol).

**8. DURACION DO PROGRAMA:** todos os sábados desde setembro de 2009 a maio de 2010 (ambos inclusive).

**9. ACCESO AO LOCAL:** durante os meses de setembro e outubro, é obligatorio presentar o DNI para entrar. A partir de novembro, será obligatorio ademáis do DNI, o carné +XTÍ.

**10. LOCAL:** está situado na rúa Otero Pedraio, 20, será utilizado como discoteca e como local de actividades e reunións. O local (Discoteca BOE) ten o distintivo +XTÍ que implica a aceptación de todas as condicións anteriores.

**11. ACTIVIDADES:** concursos, desfiles, baile libre, maquillaxe, malabares, maxia, exhibicións, concertos, deseño de camisetas, cursos de baile, festas temáticas (de Nadal, da amizade, do pixama, tropical, halloween, de gala, etc.), trenzas, hip-hop, monólogos, chistes, tattoo henna, etc.

**12. PROTECCION DA IMAXE:** durante este programa, os rapaces e rapazas poderán estar expostos a fotografías, vídeos, etc. que de ser o caso utilizarán o Concello, o Servizo Galego de Saúde ou o Plan Nacional.

**13. INSCRICIONS NO CLUB "SÁBADOS +XTÍ":** para inscribirse simplemente chamen ao 010 (ou ao 982.297.350). Uns días despois serán avisados telefonicamente para recoller o Carné no Centro de Convivencia Maruja Mallo (carril das Hortas, s/n).

Nome pai, nai, ou titor/a \_\_\_\_\_

Nº de carné \_\_\_\_\_

Asdo. Pai, nai ou titor/a

# sábados

máisportí



Sábado 19 de setembro  
Festa de Inauguración  
e entrada gratuita

**DESFILES**

**TATTOOS**

**CONSOLAS**

*Todos os sábados  
na Discoteca BOE  
agardámoste das  
18:00 ás 22:00*

**SÁBADO 19**

Obrigatorio presentar  
o teu DNI na entrada.



Concello de Lugo  
Concellería de Benestar Social  
e Igualdade



*Se tes entre  
12 e 16 anos  
e ganas de divertirte,  
**XA TES O TEU ESPAZO!!***



**MALABARES**

**CONCURSOS**

**HIP HOP**

**FESTAS**

**FUTBOLINIS**

**CONCERTOS**